



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL
Secretaría Xeral Técnica

Edificio Administrativo
San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es



ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN ESCOLAR DE ALERTAS DO 25 DE NOVEMBRO DE 2019

Na sala de xuntas de Meteogalicia, reúnese a Comisión Escolar de Alertas o luns 25 de novembro de 2019 ás 10.30 horas, coa asistencia dos representantes dos seguintes órganos:

- Dirección xeral de Emerxencias e Interior
- Axencia Galega de Emerxencias (Axega)
- Subdirección xeral de Meteoroloxía e Cambio Climático
- Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional
- Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional

A Axencia Estatal de Meteoroloxía e MeteoGalicia alertan dun fenómeno meteorolóxico adverso de **nivel LARANXA por refachos de vento superiores a 90-100km/h**, que comezará mañá, **martes día 26.11.2019 ás 14.00 horas e prolongarase ata as 00:00 horas do día 27.11.2019**. Este adverso afectará ás zonas de predición meteorolóxica do interior da provincia da Coruña, a Mariña, montaña e centro da provincia de Lugo, interior da provincia de Pontevedra, e o sur e montaña da provincia de Ourense.

Ante a devandita situación de risco, a Comisión Escolar de Alertas acordou o seguinte:

1. **A SUSPENSIÓN DE ACTIVIDADES NO EXTERIOR** nos centros educativos situados nas zonas de predición meteorolóxica afectadas.
2. A autoridade educativa comunicará esta incidencia ás direccións dos centros escolares afectados, solicitando que leven a cabo esta medida e fagan un seguimento dos partes meteorolóxicos durante a xornada na que se desenvolverá este adverso.
3. Para o caso de que as circunstancias da localidade onde se atopa o centro, supuxesen un risco superior ao declarado e pasase a unha declaración de nivel superior, as direccións poderán adoptar as decisións oportunas respecto da suspensión das actividades extraescolares.

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión.

O director xeral de Emerxencias e Interior

O secretario xeral técnico

O xerente da Axega

A subdirectora xeral de Meteoroloxía e Cambio Climático

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

